

**Teatro do Atlántico**  
**Presenta**

**“O XOGO DE YALTA”**  
**“AFTERPLAY”**

textos orixinais de Brian Friel  
en versión galega de Goretti Sanmartín



**Producción número XXV**  
**XXV temporada**

## DÚAS XOIAS DA DRAMATURXIA CONTEMPORÁNEA

Os públicos hanse commover con estas dúas xoias da dramaturxia contemporánea creadas por Brian Friel “en colaboración con Chéjov”. O rexistro expresivo a transitar preséntase amplo e suxerente: risas, bágoas, comedia, drama, mentiras, beleza, dor.; gran teatro.



### “O XOGO DE YALTA”

Partindo de “**A dama do canciño**”, un dos más coñecidos e recoñecidos contos de Antón Chéjov, o irlandés Brian Friel constrúe esta fermosa e sorprendente peza con saltos no tempo e no espazo que lanzan ao espectador a unha vertixinosa e máxica viaxe case “turística”, con baixada posterior ao contraditorio e complexo mundo amoroso que envolve e convulsiona as vidas de Dmitry Dmitrich e a Anna Sergueyevna, situándoos nunha difícil encrucillada.

Os xogos do amor, a conquista, a sedución, ás veces poden rematar mesmo en drama (ou melodrama)



## "AFTERPLAY"

A necesidade de converter en plantación de eucaliptos o que até agora fora plantación de cereais, e a procura de créditos bancarios para subsistir, levan a Sónia Serebriakowa a Moscú. Nun humilde café coincide con Andrei Prozorov, violinista cunha dura biografía, producíndose entre ambos unha corrente de "confesións" das que, inevitabelmente, os espectadores somos partícipes.

Os amantes do teatro de Antón Chéjov sorprenderanse ao toparse agora nunha nova peza coas personaxes do Andrei, de "As tres irmás", e a Sónia, de "Tío Vánia" vinte anos despois.

Os espectadores que non souberan delas antes celebrarán agora telas coñecido e ter podido rir e mesmo chorar con elas.





## RESUMO DE CRÍTICAS

"Excelente o traballo interpretativo das dúas actrices e dos dous actores, que situados nunha clave realista ofrecen unha adecuada encarnación dos doentes por medio da voz, do movemento, do xesto. Cada quen ten momentos especialmente brillantes. Destacaría a naturalidade de Damián Contreras, a xestualidade de Gonzalo Uriarte, a presenza enorme de María Barcala, a luminosidade de Victoria Pérez....Logran que semelle simple o que en realidade é moi complexo. (...) Magnífica a escenografía de Rodrigo Roel e a iluminación de Xúlio Lago. Como complemento, o piano de Xabier Constenla, que acompañan tránsitos e transicións, e o vestiario de época de Susa Porto, que realza o conxunto.  
**(“Rigoroso Teatro do Atlántico”.** M.F. Vieites. “El Faro de Vigo”)

"Friel deléitanos nesta exquisita creación co retrato duns personaxes que abalan entre a confianza en que as súas verdadeiras existencias áinda estean por comezar e o estoicismo de quen coñece a fraxilidade de calquera plan para o futuro. A alternancia de desvelamentos e ocultacións mediante a que vai avanzando a obra insiste na idea de que a nosa percepción da realidade é enganosa: a liña que separa o real do ilusorio constitúe unha difusa fronteira na que se confunden a vida tal e como a vivimos e tal e como desexamos que se desenvolva.

(...) Hai que subliñar que o ton de comedia lixeira que recobre o xorne dramático desta peza contribúe a destacar a dignidade con que os personaxes afrontan as dificultades e enchen de calor e humanidade un texto que, doutra maneira, correría o risco de se converter nun áspero exercicio de melancolía. A dirección de Xúlio Lago é -como adoita ser habitual- moi intelixente, e o público atende aos pormenores con interese de principio a fin. (**“Dubidar da realidade”.** Manuel Xestoso. “A nosa terra”)

"Xúlio Lago retorna, con este sorprendente dúo de xoias, aos autores irlandeses contemporáneos. O espectador deberá comprender que se trata de dúas pezas independentes, só vencella-das por unha mesma autoría e por unha mesma teatralidade, a que se deriva do misterioso espazo que crea toda recreación dos personaxes fascinantes, por limítrofes, de Chékov.

As interpretacións percorren un coidado naturalismo que converte ambas pezas en espazos próximos ao espectador, nunha intimidade na que gañan a complicidade que podería perderse debido a un ritmo pretendidamente lento e reflexivo.

"O xogo de Ialta" e "Afterplay" por iso non son obras ás que acaian a grandes teatros. A escenografía convida ao recollemento, sendo preferible, se cadra, espazos nos que o público estea próximo ao escenario e a uns actores que destilan autenticidade. ("Exquisito Chekov". Inma L.Silva. "Tempos")

"La Compañía Teatro do Atlántico suma 25 producciones de espectáculos en lengua gallega. Éxitos y enhorabuenas. Para conmemorar la efemérides eligió "O xogo de Yalta" y "Afterplay": deliciosa y romántica velada dramática, cuidadosamente dirigida e iluminada por Xúlio Lago conservando la fluidez espiritual del texto ruso.

La primera pieza plantea las vicisitudes de un turismo de convalecencia. El ave juvenil de una rima de Bécquer. Una briosa marcha "belle époque" que arrastra los personajes, apoyados también por el inspirado piano de Xavier Constenla.

En la segunda pieza, Gonzalo M.Uriarte superó muy bien su perdedor y melifluo personaje, hechizado por el embrujo de Sonia, sus problemas hipotecarios y decisiones sobre repoblaciones forestales. Exquisita interpretación de una dulcísima y convincente María Barcala, siempre llena de matices. Destaca el vestuario diseñado por Susa Porto. ("Éxitos y enhorabuenas" .J.A.Martínez Sevilla.El Ideal Gallego)

## FICHA TÉCNICA

Autor:	Brian Friel
Traducción:	Goretti Sanmartín
Música orixinal	Xavier Constenla
Espacio escénico:	Rodrigo Roel
Vestuario:	Susa Porto
Maquillaxe e Perruqueria	Loida
Deseño mobiliario e "atrezzo":	Rodrigo Roel
Fotografía/deseño cartel/grafismo:	Tino Viz/Margen
Axudante de Dirección:	María del Pilar Martínez ("Pilocha")
Dramaturxia, Dirección e iluminación:	Xúlio Lago
Intérpretes:	(Por orde de aparición en escena)
Dmitri Dmitrievich Gúrov.....	Damián Contreras
Anna Sergéyevna.....	Victoria Pérez
Sónia Serebriakowa.....	María Barcala
Andrei Prozorov.....	Gonzalo M.Uriarte
Pianista:	Xavier Constenla
Técnicos de Escena:	Antón Arias
	Angel Rico "Bicho"
	Aleixandre Lago

## **EQUIPO ARTISTICO**

### **• MARÍA BARCALA, intérprete de Sonia Serebriakova**

Na súa intensa e ininterrompida actividade profesional, iniciada con “Teatro da Mari-Gaila” (Compostela, 1979), leva incorporado a moitos dos grandes personaxes femininos na historia do teatro moderno, como a Nora de “Casa de bonecas”, de Ibsen, a Marteuil de “Quartett”, de Heiner Müller, a marabillosa Natalia de “O cerco de Leningrado”, de Sanchis Sinisterra, a inmensa Clitemnestra de “Clitemnestra ou o crime”, de Marguerite Yourcenar, a Dona Inés de “A noite vai coma un río”, de Cunqueiro ou a Rosalía de Castro, de “Rosalía”, de Otero Pedrayo.

De especial valoración son merecentes as súas creacións de “Solo para Paquita”, de Ernesto Caballero, “A marabillosa historia de Marly, a vampira de Vila de Cruces”, de Carlos Queiroz, ou a Maureen de “A raíña da beleza de Leenane”, de Martin McDonagh .

Entre outras das compañías coas que ten traballado figuran “Teatro Guirigai” (Madrid), Ítaca Teatro (Compostela), ou Teatro do Noroeste (Compostela), ademais de formar parte durante varias temporadas do elenco estable do Centro Dramático Galego e de Teatro do Atlántico, compañía da que é cofundadora.

### **• GONZALO MARTIN URIARTE, intérprete de Andrei**

Un dos más veteranos, valorados e respetados profesionais do teatro galego. Gonzalo M. Uriarte foi un dos actores que, desde a Compañía Troula, contribuíron a por en pé o movemento do noso teatro profesional iniciado no ano 1978.

Entre os seus últimos traballos figuran “Hamlet”, (polo que foi merecente do Premio ao Mellor Actor Secundario na última edición dos María Casares), “O encoro”, (nominación ao Mellor Actor Protagonista no ano 2005), “Amor de don Perlimplin con Belisa no Xardín, “A noite das tríbades” (Premio María Casares á Mellor interpretación en papel protagonista), “Vellos Tempos”, “A burla do Galo”, “Os vellos non deben de namorarse”, etc..etc.

Presente tamén frecuentemente como actor en producións para Cine e Televisión, con participación actualmente na serie “Libro de Familia”, (TVG) ou no film “El laberinto del fauno”

• DAMIAN CONTRERAS, intérprete de Dmitri. Actor e director de longa traxectoria profesional, licenciado en interpretación polo Institut del Teatre de Barcelona, Dami Contreras, na actualidade Profesor de Técnica Vocal na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia , leva interpretado e/ou dirixido máis de vinte espectáculos teatrais, entre os que figuran, “Un tranvía de nome desexo”, de Tennessee Williams, “Seis personaxes á procura de autor”, de Luigi Pirandello, “O bico da muller araña”, de Manuel Puig, “Defensa de dama”, de Joaquin Hinojosa”, “Ai, Carmela”, de Sanchis Sinisterra, “O contrabaixo”, de Patrick Suskind, etc..etc.

Actor tamén en cine e Televisión, con participación en series como Pratos Combinados, Pequeno Hotel, Rías Baixas, Hospital Central ou Maridos e Mulleres.

### **• VICTORIA PÉREZ VARELA, intérprete de Anna**

Doutorada en Teatro, expresión corporal e sociedade, e con título de postgrao en estudos teatrais e audiovisuais pola Universidade de A Coruña.Ten participado como actriz en espectáculos de Caramuxo Teatro (Eu de Maior quero ser), Teatro do Noroeste (Extrarradios e Romeo e Xulieta), Fundación María José Xove (Viva el Teatro), e colaborado en varias óperas do Festival Mozart (Il disoluto punito, e Elixir d'amor) ou espectáculos de La fura dels Baus (Yo no he leido El Quijote e Naumaquias 2. Peregrinos da noite)

### **• XÚLIO LAGO, Dirección de escena e deseño de Iluminación**

Comeza a súa actividade profesional no ano 1974, en Vigo, coa creación do grupo “Esperfento” con intensa actividade creativa e organizativa na cidade durante varios anos, trasladándose a Madrid en 1978, e promovendo alí a creación do grupo “La Picota”, compañía que alcanza gran repercusión de crítica e público por todo o Estado. Retornado a Galiza, dirixe “Teatro da Mari-Gaila” (Santiago de Compostela, 1979-1984)

No ano 1984 forma parte do colectivo de profesionais que promoven a creación do Centro Dramático Galego.

Crea e dirixe a Compañía “Teatro do Atlántico”, 1985, coa que desenvolve un traballo fundamentalmente de Dirección coa posta en escena de textos de autores contemporáneos como Ibsen, Fassbinder, Heiner Müller, Roberto Salgueiro, García Lorca ou Harold Pinter.

Paralelamente ao seu traballo en Teatro do Atlántico, ten colaborado con outras Compañías, entre as que cabe subliñar o traballo feito coa Compañía Teatro do Noroeste de Viana do Castelo, Talía Teatro ou Lagarta Lagarta. Ten participado tamén periódicamente como actor en varios espectáculos do C.D.G., asumindo a dirección de cinco das producións daquela Compañía Institucional: “A fiestra valdeira”, de Rafael Dieste, “A noite vai coma un río”, de Alvaro Cunqueiro, “Seis personaxes á procura de autor”, de Pirandello , “Woyzeck”, de Büchner e recentemente “As Actas escuras”, de Roberto Vidal Bolaño.